



**O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E GRADUADOS DE OURENSE**, QUERE MANIFESTAR O SEU TOTAL APOIO ao sector agrícola e gandeiro galego, sendo peza esencial do noso PIB e da creación de emprego. Ademais, é a base dunha gran parte das nosas actividades económicas, desde a industria vinícola á agroalimentaria.

Ante a situación actual que se vén arrastrando desde hai varias décadas, queremos mostrar o noso apoio e colaboración á xente do campo para buscar leitos e solucións. Por tanto, entendemos e compartimos algunhas das súas reivindicacións.

A xente do campo está a sufrir unha total e obxectiva perda de rendibilidade agraria e as corporacións de dereito público temos unha responsabilidade que afrontar. Merecen respecto, apoio e comprensión porque a pervivencia dos nosos pobos depende diso.

O sector agropecuario é a base da produción. Sen el, nos estantes das tendas non habería alimentos. É por tanto necesario, que os produtores perciban prezos xustos para que poidan ser viables as súas explotacións e, ademais, podamos manter vivo o medio rural que actualmente está tan ameazado polo despoboamento.

Nós, os Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Graduados en Enxeñería Agraria seguiremos traballando intensamente para facer sostibles, ambiental e economicamente, ás explotacións agropecuarias.

